

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Decreto 22/2008, do 31 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á comunidade Autónoma galega, transfírese no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16, en relación co 18, que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico.

Mediante Real decreto 1913/1983, do 25 de maio, créase o Colexio Oficial de Profesores de Educación Física de Galicia. Mediante Decreto 289/2000, do 16 de novembro, aprobáronse os estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

O Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia acordou, na asemblea xeral extraordinaria que tivo lugar o 23 de marzo de 2007, a aprobación dos novos estatutos adaptados ao disposto na Lei 11/2001, do 18 de setembro. Estes estatutos foron comunicados á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, en virtude do uso da competencia que ten atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do trinta e un de xaneiro de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aprobar, por seren adecuados á legalidade, os estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, que figuran como anexo ao presente decreto.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 289/2000, do 16 de novembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de xaneiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia

Título I. Da profesión dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte e os seus organismos reitores na Comunidade Autónoma de Galicia.

Título II. Da colexiación para o exercicio profesional dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia.

Capítulo primeiro. Do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

Capítulo segundo. Do exercicio profesional. Sección primeira. Disposicións xerais. Sección segunda. Da Colexiación. Sección terceira. Das incorporacións e baixas. Sección cuarta. Das incompatibilidades e da inxerencia profesional.

Título III. Dos dereitos e deberes dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte colexiados.

Título IV. Dos órganos do colexio.

Capítulo primeiro. Do órgano presidencial.

Capítulo segundo. Da Xunta de Goberno. Sección primeira: Composición e funcións. Sección segunda: Da elección e cesamento dos cargos. Capítulo terceiro: Das asembleas xerais ordinarias e extraordinarias.

Título V. Dos recursos económicos.

Título VI. Do réxime de distincións e premios do COLEF/CAFD de Galicia.

Título VII. Do réxime de responsabilidades.

Capítulo primeiro. Das responsabilidades dos colexiados.

Capítulo segundo. Do procedemento.

Título VIII. Do réxime xurídico dos acordos e da súa impugnación.

Título IX. Disolución do colexio en réxime de liquidación.

Disposición adicional primeira. Disposición adicional segunda.

TÍTULO I

DA PROFESIÓN DOS LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE E OS SEUS ORGANISMOS REITORES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Artigo 1º

1. A profesión do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte é unha profesión que lle presta un servizo á sociedade en interese público e que pode exercerse de forma independente en réxime de libre e leal competencia ou de forma dependente, por medio de técnicas e métodos cientificamente dirixidos á formación integral do individuo a través do movemento e da exercitación física ao mantemento da capacidade funcional e motora do corpo e á organización e desenvolvemento das actividades físicas, deportivas e recreativas, así como á dirección técnica dos medios e instalacións destinados a estes fins.

2. O exercicio libre da profesión do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte, no que se refire á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, estará suxeito á lei sobre defensa da competencia e á lei sobre competencia desleal, así como á lexislación xeral e específica sobre ordenación substantiva desta.

3. Así mesmo, no exercicio profesional, o licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte queda sometido á normativa legal e estatutaria, ao fiel cumprimento das normas e usos da deontoloxía profesional e ao conseguinte réxime disciplinario colexial.

Artigo 2º

1. Os organismos reitores da profesión dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte, na demarcación territorial de Galicia, son o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, recoñecido nestes estatutos e regulado por eles, e o Consello Xeral dos Colexios de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de España, no cal se integra.

2. O Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia está constituído pola segregación do Colexio Oficial Central de Profesores e Licenciados en Educación Física de España, conforme co Real decreto 1912/1983, do 25 de maio, do Ministerio de Cultura. Como colexio profesional é unha entidade sen ánimo de lucro, entendida como unha corporación de dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, exercendo as súas competencias no ámbito territorial de Galicia.

3. Todos os organismos colexiais someteranse na súa actuación e funcionamento aos principios democráticos e ao réxime de control orzamentario anual, coas competencias atribuídas nas disposicións legais e estatutarias.

4. Terá a súa sede e domicilio social na cidade de Santiago de Compostela (capital administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia) ou nunha das catro capitais de provincia que compoñen a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o acordo da Asemblea Xeral por proposta da Xunta de Goberno. Na data de aprobación destes estatutos, localízase a sede na cidade de Santiago de Compostela, con domicilio social na rúa Fernando III O Santo, número 32, despacho 11 b, 15701.

TÍTULO II

DA COLEXIACIÓN PARA O EXERCICIO PROFESIONAL DOS LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CAPÍTULO I

DO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA

Artigo 3º

1. Son fins esenciais do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (no sucesivo COLEF e CAFD ou, simplemente, colexio), seguindo o artigo 8 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu respectivo ámbito os seguintes:

- a) A ordenación do exercicio da profesión dos devanditos licenciados.
- b) A representación exclusiva desta.
- c) A defensa dos dereitos e intereses profesionais dos seus colexiados.
- d) O control deontolóxico.
- e) Cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das correspondentes profesións.
- f) Lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a formación e o seu perfeccionamento. Colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente.
- g) A aplicación do réxime disciplinario dos profesionais colexiados, en garantía da sociedade e o cumprimento da función social de promoción, ensino e desenvolvemento da educación e cultura física na súa máis ampla concepción. Todo iso sen prexuízo da competencia das administracións públicas por razón da relación funcional.

2. O COLEF e CAFD rexeráse polas disposicións legais estatais ou autonómicas que o afecten; por estes estatutos; polos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e polas lexislacións e acordos aprobados polos diferentes

órganos corporativos no ámbito das súas respectivas competencias.

Artigo 4º

Para o cumprimento dos seus fins, os colexios profesionais exercerán as funcións encomendadas polo artigo 9 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Exercer no seu ámbito a representación e defensa da profesión.

b) Ordenar no marco das súas competencias a actividade dos seus colexiados, velando pola ética e dignidade profesional destes, así como conciliando os seus intereses co interese social e os dereitos dos cidadáns.

c) Exercer a potestade disciplinaria sobre os profesionais colexiados, nos termos previstos nesta lei e os seus propios estatutos.

d) Exercer as accións legais e adoptar as medidas necesarias para evitar o intrusismo profesional e a competencia desleal.

e) Establecer os baremos de honorarios, que terán carácter meramente orientativo.

f) Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións ou honorarios profesionais, cando o colexiado o solicite libre e expresamente, nos casos nos que o colexio profesional teña creados os servizos axeitados e nas condicións que se determinen nos estatutos de cada colexio.

g) Establecer e exixir as achegas económicas dos colexiados.

h) Elaborar e aprobar os seus orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como as súas contas e liquidacións orzamentarias.

i) Organizar actividades dirixidas á formación e perfeccionamento profesional dos colexiados.

j) Participar de forma activa coas entidades de formación dos futuros titulados na mellora dos plans de estudo e a súa preparación.

k) Organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional, cultural, asistencial, de previsión e análogos que sexan de interese para os colexiados, así como de cobertura de posibles responsabilidades civís contraídas por eles mesmos no exercicio da súa profesión.

l) Intervir como mediador nos conflitos profesionais que xurdan entre os colexiados.

m) Relacionarse e coordinarse con outros colexios profesionais, así como cos consellos galegos de colexios.

n) Informar daqueles proxectos de normas que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia que lles afecten aos profesionais que agrupen ou se refiran aos fins ou funcións a eles encomendados.

o) Participar nos órganos consultivos da Administración de Galicia cando esta o requira ou así se estableza na normativa vixente e designar representantes en calquera xulgado ou tribunal en que se esixan coñecementos relativos ás materias específicas, sem-

pre que sexan requiridos para iso nos termos establecidos na Lei de axuizamento civil.

p) Emitir informes e ditames, de carácter non-vinculante, en procedementos xudiciais ou administrativos en que se susciten cuestións que afecten, materias da competencia profesional.

q) Colaborar coas administracións públicas en materia das súas competencias, de acordo coas disposicións vixentes.

r) Garantir a prestación da función polos profesionais colexiados.

s) Actuar como árbitro nos conflitos entre os colexiados e terceiros, cando así soliciten ambas as partes.

t) Cantas outras funcións repercutan en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados e se encamiñen ao cumprimento dos fins colexiais.

Artigo 5º

1. De conformidade coa normativa aplicable, o COLEF e CAFD elaborará os seus estatutos particulares para regular o seu funcionamento, que deberán ser aprobados na súa asemblea xeral extraordinaria e polo Consello Xeral, sen prexuízo dos demais trámites administrativos que procedan.

2. Para a modificación destes estatutos observaranse os mesmos requisitos que para a súa aprobación.

Artigo 6º.-*Deontoloxía profesional.*

1. Os profesionais integrados nos colexios profesionais respectivos deben ter como guía da súa actuación o servizo á comunidade e o cumprimento das obrigas deontolóxicas propias da profesión.

2. Constituirá conduta sancionable o incumprimento das normas deontolóxicas da profesión respectiva. Os colexiados poderán ser sancionados por accións ou omisións que nel estean tipificadas como faltas nos correspondentes estatutos. A imposición de sancións requirirá a previa instrución dun procedemento disciplinario, rexéndose a súa tramitación polo disposto nos estatutos.

3. Este colexio profesional poderá elaborar un código deontolóxico de obrigado cumprimento para os licenciados en ciencias da actividade física e do deporte que exerzan a súa profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO II DO EXERCICIO PROFESIONAL

SECCIÓN PRIMEIRA DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 7º

1. As competencias que, no exercicio da profesión, lles corresponden aos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte, son aquelas que veñan determinadas por lei.

2. O COLEF e CAFD exercerá as accións que foron procedentes por presuntos delitos ou faltas de intrusión, sen prexuízo de propiciar a adopción de calquera outra medida legal, gubernativa ou corporativa, que

tenda a combater a intrusión profesional, que será reprimida en todas as súas formas, xa se faga directamente ou por intermedio dun licenciado en educación física ou en ciencias da actividade física e do deporte, ben proceda dunha persoa natural ou xurídica.

Artigo 8º

Non poderá limitarse o número dos compoñentes do COLEF e CAFD, nin pecharse temporal ou definitivamente a admisión de novos aspirantes.

Artigo 9º

A Intervención profesional dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte doutros países membros da Unión Europea acomodaráse ás normas vixentes para o ámbito comunitario.

SECCIÓN SEGUNDA DA COLEGIACIÓN

Artigo 10º

1. Agás nos supostos previstos pola lei ou por estes estatutos, é requisito indispensable para o exercicio da profesión do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, encontrarse incorporado como exercente ao Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia.

2. Os profesionais titulados vinculados coa Administración pública mediante a relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, non precisan estar colexiados para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da Administración a que pertencen cando o destinatario inmediato delas sexa esa Administración.

3. Será obrigatoria en consecuencia a colexiación para o exercicio da actividade privada.

4. Non obstante, poderán exercer a profesión, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, os licenciados en educación física e en ciencias de actividade física e do deporte incorporados a colexios profesionais de distinto ámbito territorial por razón do seu domicilio único ou principal nos termos e coas excepcións establecidas na lexislación estatal básica; neste caso, estarán obrigados a comunicarlle ao COLEF e CAFD as actuacións que realicen na demarcación territorial deste, para os efectos de quedar suxeitos ás correspondentes competencias de ordenación, control deontolóxico e potestade disciplinaria.

Artigo 11º

1. Os colexiados poderán ser exercentes ou non exercentes, e deben figurar inscritos no rexistro que se levará para tales efectos, en que se fará constar a súa titulación académica e a súa condición de exercentes ou de non exercentes.

a) Serán colexiados exercentes os que exerzan a profesión en calquera das súas diversas modalidades, ou desempeñen funcións en relación coa súa titulación.

b) Serán colexiados non exercentes aqueles que desexen pertencer á organización colexial sen estar obrigados a iso, ou os que non exerzan a profesión libre

2. Con carácter honorífico poderán pertencer ao COLEF/CAFD aquelas personalidades españolas ou estranxeiras de gran relevancia no campo da educación física e das ciencias da actividade física e o deporte, ou en calquera outro vinculado a el, que a Asemblea Xeral de colexiados acorde por proposta da Xunta de Goberno. Estes colexiados de honra disporán de voz, pero non de voto, nas asembleas xerais e en ningún caso poderán pertencer á Xunta de Goberno.

3. Os requisitos de ingreso para os colexiados exercentes e non exercentes serán idénticos.

Artigo 12º

Son requisitos necesarios que fai falta acreditar, como condicións xerais de aptitude para a incorporación ao COLEF e CAFD, os seguintes:

1. Ser de nacionalidade española, da dalgúns dos estados membros da Unión Europea ou doutros estados partes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, salvo o disposto en tratados ou en convenios internacionais ou dispensa legal.

2. Ser maior de idade e non estar inmerso en causa de incapacidade.

3. Estar en posesión do título de licenciado en educación física ou en ciencias da actividade física e do deporte ou dos títulos estranxeiros que, conforme ás normas vixentes, sexan homologados a aqueles.

4. Non estar inhabilitado para o exercicio profesional.

5. Satisfacer a cota de ingreso e as demais que teña establecidas o colexio.

6. Non estar inmerso en causa de incompatibilidade ou prohibición.

Artigo 13º

Constitúen circunstancias de incapacidade para o exercicio profesional do licenciado en educación física ou en ciencias da actividade física e do deporte:

1. A inhabilitación ou suspensión expresa deste, en virtude de resolución xudicial ou corporativa firme.

2. As sancións disciplinarias firmes que leven consigo a expulsión do Colexio de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte correspondente.

3. Todo impedimento físico ou mental que imposibilite a realización das funcións profesionais.

A incapacidade desaparecerá cando cese a causa que a motivase ou se extingue a responsabilidade disciplinaria conforme o previsto nestes estatutos.

SECCIÓN TERCEIRA DAS INCORPORACIÓNS E BAIXAS

Artigo 14º

O COLEF e CAFD non poderá denegarlle o ingreso na corporación aos que, reunindo as condicións de aptitude exixidas, non estean inmersos nalgunha das causas de incapacidade enumeradas nestes estatutos ou na lei.

A incorporación ao COLEF e CAFD non será firme mentres non se satisfaga a cota de ingreso e as demais achegas que este teña establecidas.

Artigo 15º

A Xunta de Goberno do COLEF e CAFD resolverá sobre as solicitudes de incorporación a este.

A denegación de incorporación ao COLEF e CAFD require resolución fundamentada da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno practicará cantas dilixencias e informacións considere oportunas, debéndose ditar a resolución nun prazo máximo de tres meses, desde o momento da solicitude; pasado este momento sen ditarse aquela, considerárase admitida. Se a resolución fose denegando ou suspendendo a incorporación, notificaráselle ao interesado, que poderá interpoñer, ante o Consello Xeral, o recurso de alzada que se regula nestes estatutos.

Artigo 16º

Os licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte que pertencesen ou pertencen a outro ou a outros colexios de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte e soliciten a súa incorporación ao COLEF e CAFD, deberán xuntarlle á solicitude unha certificación acreditativa de que non figuran como dados de baixa por falta de pagamento nestes colexios e de que non foron obxecto de corrección disciplinaria ou de inhabilitación para o exercicio profesional, expulsión doutro colexio ou, de ser o caso, de que se atopan rehabilitados, que será expedido polo Consello Xeral.

Artigo 17º

1. A condición de colexiado perderase:

- a) Por condena firme que leve consigo a consecuencia de inhabilitación para o exercicio da profesión.
- b) Por expulsión do colexio, acordada en expediente disciplinario.
- c) Por deixar de satisfacer a cota ou cotas ordinarias correspondentes a un exercicio económico completo ou dúas extraordinarias, ou incumprir, de forma reiterada, as demais cargas colexiais establecidas nos estatutos ou nos regulamentos do colexio.
- d) Por baixa voluntaria.
- e) Por falecemento.

2. A perda da condición de colexiado polas causas expresadas na epígrafe anterior, deberá ser comunicada por escrito ao interesado, momento en que producirá efecto.

3. As baixas serán comunicadas ao Consello Xeral.

4. Nos casos da alínea 1 c) os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos pagando o debido, os seus xuros ao tipo legal e a cantidade que correspondese como nova incorporación.

SECCIÓN CUARTA

DAS INCOMPATIBILIDADES E DA INXERENCIA PROFESIONAL

Artigo 18º

O exercicio profesional do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte

é incompatible cos cargos e empregos públicos nas leis e nas normas reguladoras das cales se prevexa expresamente a incompatibilidade.

Artigo 19º

O licenciado en educación física ou en ciencias da actividade física e do deporte afectado por algunha das causas de incompatibilidade establecidas no artigo anterior deberá comunicarllo sen escusa á Xunta de Goberno do Colexio, e cesará automaticamente no exercicio da profesión.

A Xunta de Goberno do Colexio acordará o pase á situación de non exercente daqueles colexiados nos cales concorra algunha das circunstancias determinantes de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio profesional, mentres aquelas subsistan.

Artigo 20º

Prohíbeselles aos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte actuar ou intervir nas funcións ou exercicio profesional atribuídos a outro licenciado.

TÍTULO III

DOS DEREITOS E DEBERES DOS LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE COLEXIADOS

Artigo 21º

Son dereitos dos licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte colexiados:

1. Actuar profesionalmente en todo o territorio nacional, ben de modo particular ou ao servizo de entidades públicas ou privadas, cando reúnan a condición de exercentes.
2. Participar do uso e goce dos bens do seu colexio e dos servizos que este teña establecidos, así como dos que determine o Consello Xeral.
3. Participar na xestión corporativa e, polo tanto, exercer os dereitos de petición, de voto e de acceso aos cargos directivos, na forma que establezan os estatutos. O voto dos colexiados exercentes terá dobre valoración que o dos colexiados non exercentes.
4. Realizar o exercicio profesional con toda liberdade e independencia, sen outras limitacións que as impostas pola lei e polas normas da ética e da deontoloxía profesional.

5. Solicitar e obter a protección da súa lícita liberdade de actuación profesional, tanto do propio colexio, coma do Consello Xeral.

6. Levar a insignia colexial ou calquera outra distinción ou recoñecemento expedida por este colexio profesional.

7. Cantos outros dereitos lle confiran as leis, os presentes estatutos e o Estatuto Xeral dos Colexios de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Artigo 22º

Son deberes do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte colexiado:

1. Cumprir as normas legais e estatutarias e, ademais, os acordos dos diferentes órganos corporativos.

2. Estar ao día no pagamento das cotas e demais cargas colexiais na forma e tempo que legal ou estatutariamente fíxese, calquera que sexa a súa natureza. Para estes efectos, considéranse cargas corporativas todas as impostas polo COLEF e CAFD e polo Consello Xeral. Regulamentariamente poderanse sinalar cotas diferenciadas para exercentes e non exercentes.

3. Informar de calquera modificación de datos persoais relativos a domicilio, datos bancarios e calquera outro considerado relevante para a xestión e administración do presente colexio profesional.

4. Denunciar ante o colexio todo acto de intrusión que chegue ao seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal, sexa por falta de colexiación, sexa por suspensión ou inhabilitación do denunciado ou por estar este inmerso en supostos de incompatibilidade ou de prohibición.

5. Desenvolver a súa profesión co máximo celo e dilixencia, e observar puntualmente as obrigas que deriven da relación contractual cos arrendatarios dos seus servizos podendo, para este efecto, axudarse de colaboradores e doutros compañeiros.

6. Gardarlles a cortesía e o respecto debido aos demais compañeiros, evitando calquera alusión a eles que sexa obxecto de vexación ou de desprestixio.

TÍTULO IV DOS ÓRGANOS DO COLEXIO

Artigo 23º

Son órganos esenciais da estrutura colexial:

- a) O órgano presidencial ou Presidente.
- b) O órgano de goberno ou Xunta de Goberno.
- c) O órgano plenario ou Asemblea Xeral.

CAPÍTULO I DO ÓRGANO PRESIDENCIAL

Artigo 24º

1. O órgano presidencial ou presidente exerce a representación do colexio, executa os acordos do órgano de goberno e exerce cantas facultades e funcións lle confiren estes estatutos e a normativa vixente.

2. O presidente do colexio será elixido polos colexiados como órgano diferenciado da Xunta de Goberno, con independencia de que lle corresponda a presidencia da Xunta de Goberno.

3. A remoción de presidente mediante moción de censura corresponderalle á asemblea xeral extraordinaria.

CAPÍTULO II DA XUNTA DE GOBERNO

SECCIÓN PRIMEIRA COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 25º

1. O goberno do COLEF e CAFD establécese sobre os principios de democracia e autonomía, e será rexido pola Xunta de Goberno e pola Xunta Xeral.

2. A Xunta de Goberno estará constituída, polo menos, por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un vicesecretario, un tesoureiro e o número de vogais que resulten a razón dun vogal por cada provincia que constitúe a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 26º

Son atribucións da Xunta de Goberno:

1. Someter a referendo asuntos concretos de interese colexial, por sufraxio secreto e na forma que a propia xunta estableza.

2. Resolver sobre a admisión dos licenciados que soliciten incorporarse ao colexio.

3. Velar por que os colexiados observen boa conduta con relación aos seus compañeiros de exercicio profesional e que no desempeño da súa función despreguen a necesaria dilixencia e competencia profesional.

4. Exercer accións e actuacións oportunas para impedir e perseguir a intrusión, así como o exercicio da profesión aos que, colexiados ou non, a exercesen en forma e baixo condicións contrarias ás legalmente establecidas, sen excluír as persoas, naturais ou xurídicas, que faciliten o exercicio profesional irregular.

5. Someter á aprobación da Asemblea Xeral as cotas de incorporación e as periódicas que deban satisfacer os colexiados para o mantemento das cargas e servizos colexiais.

6. Propoñerlle á Asemblea Xeral a imposición de cotas extraordinarias aos seus colexiados.

7. Recadar o importe das cotas para o mantemento das cargas do colexio.

8. Propoñerlle á Asemblea Xeral o establecemento de baremos orientativos de honorarios profesionais e emitir informes sobre honorarios aplicables cando o soliciten os interesados, os colexiados ou a autoridade xudicial.

9. Convocar eleccións para prover os cargos da Xunta de Goberno, dispoñendo o necesario para a súa elección, de acordo coas normas legais e estatutarias.

10. Convocar asembleas xerais ordinarias e extraordinarias, e sinalar a orde do día para cada unha.

11. Exercer as facultades disciplinarias respecto aos colexiados.

12. Propoñer á aprobación da Asemblea Xeral os regulamentos de réxime interior que coide axeitados.

13. Establecer, crear ou aprobar as agrupacións, comisións ou seccións de colexiados que poidan interesar aos fins da corporación, regular o seu funcionamento e fixar as facultades que, de ser o caso, lle deleguen.

14. Velar por que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio que corresponden ao licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte, así como propiciar a harmonía e colaboración entre os colexiados, impedindo a competencia desleal, conforme a legalidade vixente.

15. Informar os Colexiados con prontitude de cantas cuestións coñeza que poidan afectalos, xa sexa de índole corporativa, Colexial, profesional ou cultural.

16. Defender os Colexiados no desempeño das funcións da profesión ou con ocasión delas, cando o considere procedente e xusto.

17. Promover e xestionar ante o Goberno autónomo, autoridades do Estado na comunidade autónoma, das provincias e dos municipios de Galicia, canto se considere beneficioso para o interese común da profesión.

18. Exercer os dereitos e accións que correspondan ao Colexio e en particular contra os que entorpezan a liberdade e independencia do exercicio profesional.

19. Propoñerlle á Asemblea Xeral a aprobación dos orzamentos anuais e o investimento ou disposición do patrimonio Colexial se se tratase de inmoables.

20. Emitir consultas e ditames, administrar arbitrazes e ditar laudos arbitrais.

21. Proceder á contratación dos empregados necesarios para a boa marcha da corporación.

22. Dirixir, coordinar, programar e controlar a actividade dos servizos Colexiais.

23. Elixir os representantes do Colexio ante o Consello Xeral, de acordo coa normativa establecida por este órgano.

24. Cantas outras establecen estes estatutos e o Estatuto xeral de Colexios.

25. Designar os Colexiados que deben formar parte dos tribunais de oposicións e concursos solicitados como vogais e asesores.

Artigo 27º

1. A Xunta de Goberno reunirse, ordinariamente, unha vez ao trimestre ou cando o solicite unha cuarta parte dos seus membros. A convocatoria para as reunións faraa o secretario, despois do mandato do presidente, con tres días de antelación, polo menos. Deberase formular por escrito e irá acompañada da orde do día correspondente. Fóra deste non poderán tratarse outros asuntos.

2. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. O presidente terá voto de calidade.

3. Ás sesións da Xunta de Goberno poderán asistir con voz pero sen voto cantos Colexiados ou persoas foran convocadas especialmente por ela para asuntos determinados.

4. A Xunta de Goberno poderá crear as comisións que considere convenientes que deberán, en todo caso, ser presididas polo presidente ou polo membro da xunta en quen delegue.

5. A Xunta poderá acordar a delegación da sinatura do secretario en cuestións non substanciais, ben noutro compoñente da xunta ou nun funcionario do Colexio.

Artigo 28º

Non poderán formar parte da Xunta de Goberno:

1. Os Colexiados que fosen condenados por sentenza firme que leve consigo a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos.

2. Os Colexiados aos que se lles impuxese sanción disciplinaria, xa sexa no Colexio onde pretendan acceder a cargos directivos, ou en calquera outro onde estivesen dados de alta, mentres non estean rehabilitados.

3. Os Colexiados que sexan membros de órganos reitores doutro Colexio profesional.

Artigo 29º

Correspóndelle ao presidente a representación legal do Colexio en todas as relacións deste cos poderes públicos, tribunais, entidades, corporacións e personalidades de calquera orde; exercerá as funcións de vixilancia e corrección que os estatutos reservan á súa autoridade; presidirá as xuntas de Goberno e as xerais e todas as comisións especiais a que asista, e dirixirá as discusións con voto de calidade en caso de empate.

Ademais, expedirá as ordes de pagamento e os libramentos para o investimento dos fondos do Colexio. Designará as quendas de intervención dos Colexiados para os ditames, consultas ou peritacións que se soliciten no Colexio; poderá delegar esta función no secretario da Xunta de Goberno.

Artigo 30º

O vicepresidente realizará todas aquelas funcións que lle confira o presidente, e asumirá as deste en caso de ausencia, enfermidade, abstención, recusación, renuncia ou vacante.

Artigo 31º

Correspóndenlle ao secretario e, en caso da substitución deste por ausencia, enfermidade, renuncia ou falecemento ao vicesecretario, as funcións seguintes:

a) Redactar e remitir os oficios e as comunicacións do Colexio.

b) Redactar as actas das asembleas xerais e das xuntas de Goberno.

c) Levar e custodiar os libros necesarios para o ordenado servizo do Colexio, entre os que obrigatoriamente se atopará o libro de rexistro de Colexiados, títulos, altas, baixas, sancións e os libros de actas da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno, que poderán realizarse mediante a incorporación dos medios técnicos que permitan as leis.

d) Recibir todas as solicitudes e comunicacións que se reciban no Colexio, dando conta destas ao presidente.

e) Expedir as certificacións que procedan co visto e prace do presidente.

f) Organizar e dirixir administrativamente as oficinas do Colexio, e exercer a xefatura do persoal.

g) Levar e custodiar un rexistro en que, por orde alfabética, se consigne a historia de cada Colexiado,

así como, se é o caso, os rexistros de habilitados, visados e bolsa de traballo.

h) Ter ao seu cargo e custodia o arquivo e o selo do colexio.

i) Revisar anualmente as listas de colexiados, expresando a súa antigüidade e domicilio.

Artigo 32º

Corresponderalle ao tesoureiro:

1. Materializar a recadación e custodiar os fondos do colexio.

2. Pagar os libramentos que expida o presidente.

3. Informar periodicamente a Xunta de Goberno sobre a conta de ingresos e de gastos e a marcha do orzamento e formalizar anualmente as contas do exercicio económico vencido.

4. Redactar os orzamentos anuais que a Xunta de Goberno deba someter á aprobación da Asemblea Xeral.

5. Ingresar e retirar fondos das contas bancarias, conxuntamente co presidente.

6. Administrar os fondos do colexio, levar inventario minucioso dos bens deste, dos que será tamén administrador.

7. Levar e controlar a contabilidade e verificar a caixa.

8. Efectuar cobramentos de calquera natureza en nome do colexio.

Artigo 33º

Os vogais desempeñarán as funcións que lles correspondan conforme as leis, estatutos e regulamentos, así como todas aquelas que lles sexan encomendadas pola Xunta de Goberno ou polo presidente.

Cando por calquera motivo ou circunstancia, definitiva ou temporalmente, estivese vacante algún dos cargos da Xunta de Goberno para os que especificamente non se prevexa a remuda nestes estatutos, serán substituídos nas súas funcións polos vogais, comezando polo que exerza a condición de colexiado máis antigo.

SECCIÓN SEGUNDA

DA ELECCIÓN E CESAMENTO DOS CARGOS

Artigo 34º

Os cargos da Xunta de Goberno proveranse por elección, na que poderán participar todos os colexiados, exercentes e non exercentes, agás os de carácter honorífico, seguindo o procedemento que nestes estatutos se establece.

Artigo 35º

Todos os cargos da Xunta de Goberno proveranse entre os licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte que sexan colexiados residentes na demarcación do colexio e que posúan a condición de elector. O período de mandato establécese en catro anos, e é posible a reelección.

Para os diferentes cargos da Xunta de Goberno establécense os seguintes requisitos de antigüidade no exercicio profesional:

Para o cargo de presidente, tres anos consecutivos, previos á elección, como colexiado exercente.

Para os cargos de vicepresidente, secretario e tesoureiro, dous anos consecutivos, previos á elección, como colexiado exercente.

Artigo 36º

A elección do presidente e dos membros da Xunta de Goberno efectuarase por sufraxio universal, libre, directo e secreto dos colexiados, e computarase o valor dos votos de conformidade co previsto no artigo 21.3 destes estatutos.

O voto poderá exercerse persoalmente ou por correo.

A emisión do voto por correo esta suxeita aos requisitos seguintes:

a) O elector solicitará da secretaría do colexio, a partir da convocatoria e ata o quinto día anterior ao da votación, un certificado de inscrición no censo.

b) A solicitude deberá formularse persoalmente ou por medio dunha persoa debidamente autorizada para representalo.

c) O secretario do colexio comprobará a identidade do solicitante e, de ser o caso, a do representante, así como a autenticidade da representación e, logo de comprobación da inscrición no censo, expedirá o certificado solicitado, realizando a anotación correspondente no censo, co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente.

d) Tan pronto como estivesen dispoñibles, o secretario do colexio remitiralle ao elector ao domicilio por el indicado ou, no seu defecto, a que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais xunto co certificado mencionado no punto anterior.

e) O elector, unha vez cuberta a papeleta do voto, introducirá no sobre de votación e pechará. Incluirá o sobre de votación e o certificado no sobre dirixido á mesa e remitirallo por correo certificado.

f) O secretario do colexio conservará ata o día da votación toda a correspondencia electoral e trasladará á mesa electoral á hora en que teña lugar o comezo das votacións. Así mesmo, seguirá dando traslado da que poida recibirse nese día ata a hora en que finalicen as votacións.

Artigo 37º

A elección para cargos vacantes da Xunta de Goberno poderá ter lugar en acto separado das sesións da Asemblea Xeral e poderá celebrarse en calquera período do ano.

Artigo 38º

Terán dereito de sufraxio activo os colexiados, sexan exercentes ou non.

Artigo 39º

Se máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno quedasen vacantes, o Consello Xeral adoptará as medidas que considere convenientes para completarse provisionalmente, cos colexiados máis antigos. A xunta provisional así constituída convocará, no prazo de quince días, eleccións para a provisión destes cargos e exercerá as súas funcións ata que tomen posesión os designados en virtude da elección.

A celebración das devanditas eleccións efectuarase conforme o procedemento establecido no artigo seguinte.

Artigo 40º

O procedemento electoral será o seguinte:

1. Acordarase a convocatoria con sesenta días de antelación, cando menos, á data de expiración do mandato dos cargos obxecto desta.

2. Dentro dos cinco días seguintes á data do acordo da convocatoria, inserirase no taboleiro de anuncios do colexio e remitiráselles por escrito aos colexiados, facéndose constar:

a) Cargos obxecto de elección, período de mandato e requisitos exixidos para poder aspirar a cada un deles.

b) Día e hora da celebración das eleccións, con expresión da hora en que se pecharán as urnas para o comezo do escrutinio.

c) Requisitos do voto por correo. A convocatoria entenderase publicada e producirá efecto dende a súa inserción no taboleiro de anuncios do colexio.

3. Así mesmo, expóranse no taboleiro de anuncios do colexio as listas separadas de colexiados exercentes e non exercentes con pleno dereito a voto.

As reclamacións que se formulen contra o censo electoral deberanse realizar nos cinco días seguintes á publicación das listas electorais e nos cinco días seguintes deberaas resolver a Xunta de Goberno.

4. As candidaturas deberán presentarse na secretaría do colexio nos quince días seguintes á data de publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios. Estas poderán ser conxuntas para varios cargos, ou individuais para cargos determinados, e deberán estar subscriptas exclusivamente polos propios candidatos.

Ningún colexiado poderá presentarse como candidato a máis dun cargo.

5. Cando un membro da Xunta de Goberno presente a súa candidatura para un novo mandato ou para un novo cargo, deberá renunciar ao cargo que viña ocupando nos cinco días seguintes ao acordo da convocatoria, co fin de que no mencionado prazo se poida publicar a elección dese cargo.

Se máis da metade dos cargos presentasen a súa candidatura para un novo mandato ou para un novo cargo, completárase a Xunta de Goberno, provisionalmente, na forma prevista no artigo 39.

6. As candidaturas presentadas, ao día seguinte de que remate o prazo de admisión destas, expóranse no

taboleiro de anuncios do colexio co fin de que os colexiados poidan formular reclamacións ou impugnacións contra elas, dentro do prazo dos cinco días seguintes á súa exposición.

7. Nos cinco días seguintes, a Xunta de Goberno resolverá sobre as reclamacións ou impugnacións presentadas e notificaralles a correspondente resolución aos interesados dentro dos dous días seguintes.

8. Finalizado o prazo de reclamacións, a Xunta de Goberno, ao día seguinte, proclamará candidatos os que reúnan os requisitos exixidos e publicará esa proclamación no taboleiro de anuncios do colexio, sen prexuízo de que o colexio poida remitir tamén comunicacións individuais aos seus colexiados.

9. A exclusión de calquera candidato deberá ser motivada e notificaráselle ao interesado o seguinte día hábil. Este poderá presentar recurso conforme ao previsto no artigo 98 destes estatutos.

10. Todos os prazos sinalados neste artigo e no anterior serán computados por días naturais.

Artigo 41º

1. Para a celebración da elección, a Xunta de Goberno constituirase en mesa electoral. Cada candidato poderá, pola súa banda, designar entre os colexiados un ou varios interventores que o representen na elección.

2. No día e hora sinalados para a elección, constituirase a mesa electoral. o presidente indicará o comezo da votación e a hora prevista para a súa finalización, anunciará que vai concluír esta, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados que xa estivesen no lugar onde se efectúe a votación. A continuación, o presidente introducirá na urna os sobres que conteñan as papeletas remitidas por correo, despois de verificar que o elector está inscrito no censo e que non realizou o voto persoalmente.

Por último, votarán os membros da mesa e os interventores.

3. As papeletas de voto deberán ser iguais ao modelo que a Xunta de Goberno aprobe e que o colexio deberá editar e facilitarlles candidatos e electores.

4. Na sede en que se celebre a elección da xunta deberase poñer á disposición dos votantes un número suficiente de papeletas, con ou sen os nomes dos candidatos.

Artigo 42º

Os votantes deberán identificarse ante a mesa electoral e entregar a papeleta de votación en sobre pechado. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral, e o presidente, pronunciando en voz alta o nome e apelidos do votante, indicará que vota, tras o cal o propio presidente introducirá o sobre coa papeleta na urna correspondente.

Artigo 43º

1. Concluída a votación procederase ao escrutinio, en que se lerán en voz alta todas as papeletas.

2. Serán declaradas nulas aquelas papeletas que conteñan emendas ou riscaduras, así como expresións alleas ao estrito contido da votación e, igualmente, aquelas que indiquen a máis dun candidato para un mesmo cargo ou nomes de persoas que non figuren na elección.

Aquelas papeletas que se atopen só parcialmente cubertas en canto ao número de candidatos, pero que reúnan os requisitos exixidos para a súa validez, serán para os cargos e persoas correctamente expresados.

3. Ao finalizar o escrutinio, a Presidencia anunciará publicamente o seu resultado, e proclamaranse seguidamente electos aqueles candidatos que obtivesen, para cada cargo, o maior número de votos. En igualdade de votos entenderase elixido o candidato con maior antigüidade como Colexiado exercente no propio Colexio.

4. O resultado electoral formalizarase nunha acta que asinarán os integrantes da mesa e que, necesariamente, terá que expresar as persoas que a compoñen, número de votantes, interventores designados polos candidatos, incidencias e candidatos proclamados.

5. O resultado da elección será impugnabile ante o Consello Xeral, de acordo co establecido o título título VIII destes estatutos.

6. No prazo de cinco días dende a constitución dos órganos de Goberno, comunicaráse esta ao Consello Xeral e á consellería competente en materia de Colexios profesionais da Comunidade Autónoma galega.

Artigo 44º

Os candidatos proclamados electos tomarán posesión do cargo na primeira Xunta de Goberno que se celebre.

Artigo 45º

Os membros da Xunta de Goberno cesarán nos seus respectivos cargos polas seguintes causas:

1. Falta de concorrencia ou perda dos requisitos estatutarios para desempeñar o cargo.

2. Expiración do termo ou prazo polo que foron elixidos ou designados.

3. Renuncia do interesado.

4. Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.

5. Aprobación de moción de censura segundo o regulado nestes estatutos.

CAPÍTULO III

DAS ASEMBLEAS XERAIS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Artigo 46º

Todos os Colexiados poderán asistir con voz e voto ás asembleas xerais ordinarias e extraordinarias que se celebren, agás as excepcións que nestes estatutos se determinan.

Artículo 47º

A asemblea xeral ordinaria celebrarase, polo menos, unha vez ao ano, dentro do primeiro trimestre do ano natural.

Artigo 48º

1. As asembleas xerais deberán convocarse, polo menos, con 30 días naturais de antelación.

Esta convocatoria inserirase no taboleiro de anuncios do Colexio, con expresión da orde do día, e non poderán ser tratados nestas máis asuntos que os expresados na convocatoria.

2. Sen prexuízo do anterior, citaranse tamén os Colexiados por comunicación escrita en que, igualmente, constará a orde do día.

3. Na secretaría do Colexio, durante as horas de despacho, estarán á disposición dos Colexiados os antecedentes dos asuntos que se van deliberar na asemblea convocada.

Artigo 49º

A asemblea xeral ordinaria do primeiro trimestre do ano natural celebrarase, polo menos, conforme a seguinte orde do día:

1. Informe do presidente sobre as actividades e acontecementos máis importantes que, durante o exercicio, se producisen con relación ao Colexio.

2. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.

3. Exame e votación do orzamento aprobado pola Xunta de Goberno, para o exercicio seguinte.

4. Elección para cargos vacantes da Xunta de Goberno, cando proceda.

5. Lectura, discusión e votación das proposicións que se presenten dentro do prazo establecido no artigo seguinte.

6. Rogos e preguntas.

Artigo 50º

Os Colexiados, quince días antes da celebración da asemblea xeral ordinaria, poderán presentar as proposicións que desexen someter á deliberación e acordo daquela, e deberán ser incluídas estas, pola Xunta de Goberno, no punto da orde do día denominado proposicións.

Estas proposicións deberán aparecer subscrias por un mínimo de dez Colexiados. Ao darse lectura destas proposicións, a Asemblea Xeral acordará se procede ou non abrir a discusión sobre elas.

Artigo 51º

1. As asembleas xerais extraordinarias celebraranse por iniciativa do presidente, da Xunta de Goberno ou a petición, polo menos, do dez por cento dos Colexiados.

2. Cando a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria tivese como causa o voto de censura contra a Xunta de Goberno ou contra algún dos seus membros, esta petición deberá ser subscria, como mínimo, polo vinte por cento dos Colexiados, e deberase fundamentar aquela.

3. Se a convocatoria da asemblea xeral extraordinaria se fixese por acordo do presidente ou da Xunta de Goberno, celebrarase no prazo de trinta días naturais, contados desde a adopción do acordo, e, no mesmo

prazo, se fose por instancia dos Colexiados, contados a partir da presentación da petición.

A Xunta de Goberno, en caso de que a proposición sexa allea aos atribuídos ao Colexio, por resolución motivada poderá denegar a celebración de asemblea xeral extraordinaria, sen prexuízo dos recursos que lles puidesen corresponder aos solicitantes.

Artigo 52º

1. As asembleas xerais celebraranse no día e hora sinalados, calquera que sexa o número de Colexiados asistentes a elas, agás nos casos en que se exixa un quórum de asistencia determinada.

2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos emitidos.

3. Os acordos adoptados na Asemblea Xeral serán obrigatorios para todos os Colexiados, sen prexuízo dos recursos que se establecen nestes estatutos.

Artigo 53º

A asemblea xeral extraordinaria será a única competente para autorizar a aprobación ou modificación dos estatutos, a fusión, a absorción e a disolución do Colexio, así como para autorizar á Xunta de Goberno a adquisición, hipoteca ou alienación dos bens inmoebles da corporación; aprobar ou censurar a actuación da Xunta de Goberno ou dos seus membros e terá como competencia propia a remoción do presidente mediante moción de censura.

Artigo 54º

As votacións serán secretas cando así o solicite o dez por cento dos Colexiados asistentes. En calquera caso, será secreto o voto cando afecte cuestións relativas ao decoro dos Colexiados.

Artigo 55º

1. A moción ou voto de censura só poderá presentarse en asemblea extraordinaria convocada para o efecto, de conformidade co establecido nestes estatutos.

2. Para este efecto, só quedará constituída a asemblea extraordinaria cando acuda a metade máis un do censo de Colexiados exercentes.

3. Existindo o aludido quórum, para que prospere será necesario o voto favorable da metade máis un dos Colexiados asistentes.

Artigo 56º

Para a modificación dos estatutos, hipoteca ou alienación de inmoebles, exixírase un quórum de asistencia da metade máis un dos Colexiados censados en primeira convocatoria e en segunda, sexa cal sexa a participación. En calquera caso, os acordos formaranse co voto favorable da metade máis un dos Colexiados asistentes.

TÍTULO V

DOS RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 57º

O exercicio económico do Colexio coincidirá co natural.

Artigo 58º

O presidente do Colexio exercerá as funcións de ordenamento de pagamentos, das execucións dos cales se encargará o tesoureiro, quen cuidará da súa contabilización.

Artigo 59º

O Colexio non poderá delegar noutra persoa que non sexa o tesoureiro a administración dos seus recursos, sen prexuízo das colaboracións que para iso se precisen.

Artigo 60º

O patrimonio do Colexio será administrado pola Xunta de Goberno. En todo caso, esta facultade exercerase a través do tesoureiro.

Artigo 61º

Os Colexiados poderán examinar as contas do Colexio durante os quince días naturais anteriores á celebración da Asemblea Xeral que deba aprobalas.

Artigo 62º

Constitúen recursos comúns do COLEF e CAFD:

1. Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades, os bens ou os dereitos que integran o patrimonio do Colexio, así como os rendementos dos fondos depositados nas súas contas.

2. As cotas de incorporación ao Colexio e as de rexistro e certificación de habilitacións para o exercicio da docencia legalmente establecidas.

3. Os dereitos que fixe a Xunta de Goberno por emisión de ditames, resolucións, informes ou consultas que avalíe esta sobre calquera materia da súa competencia.

4. O importe das cotas ordinarias e extraordinarias, fixas ou variables, así como derramas e pólizas Colexiais establecidas pola Asemblea Xeral.

5. Os dereitos que fixe a Asemblea Xeral por expedición de certificacións.

6. Calquera outro concepto que legalmente procedese.

Artigo 63º

Constituirán recursos extraordinarios do Colexio:

1. As subvencións ou donativos que concedan ao Colexio os órganos de goberno da comunidade autónoma, corporacións oficiais, entidades ou particulares.

2. Os bens e dereitos de toda clase que, por herdanza ou por outro título, pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.

3. As cantidades que por calquera concepto lle corresponda percibir ao Colexio cando administre, en cumprimento dalgún encargo temporal ou perpetuo, mesmo cultural ou benéfico, determinados bens ou rendas.

4. Calquera outro que legalmente procedese.

Artículo 64º

As contas do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e o Deporte de Galicia serán auditadas, cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial dos seus órganos directivos. O informe de auditoría someterase

a consideración da primeira asemblea xeral ordinaria que se realice.

TÍTULO VI

DO RÉXIME DE DISTINCIÓNS E PREMIOS DO COLEF/CAFD DE GALICIA

Artigo 65º

1. O COLEF/CAFD de Galicia poderá conceder distincións que premien os méritos relevantes e outros servizos así como as colaboracións prestadas á profesión e ao colexio profesional.

2. Estas distincións poderán ser outorgadas tanto a colexiados como a outras persoas físicas, xurídicas e institucións.

3. As distincións serán significativas e relevantes e poderán consistir en outorgamento de diplomas, certificacións, insignias, placas ou outra distinción ou recoñecemento expedido por este colexio profesional.

4. Este colexio profesional poderá elaborar unha normativa que estableza e regule os requisitos e méritos para ser digno destes recoñecementos.

TÍTULO VII

DO RÉXIME DE RESPONSABILIDADES

CAPÍTULO I

DAS RESPONSABILIDADES DOS COLEXIADOS

Artigo 66º

Sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que poidan incurrir os licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte colexiados, estes están suxeitos á responsabilidade disciplinaria no caso de infracción dos seus deberes profesionais.

Artigo 67º

A Xunta de Goberno é o órgano competente para o exercicio da facultade disciplinaria.

Artigo 68º

As faltas que poidan levar aparellada sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 69º.-Faltas moi graves.

Son faltas moi graves:

1. O exercicio profesional, por si ou por persoa interposta, cando se estea inmerso en causa de incompatibilidade ou inhabilitación.

2. A comisión de delitos dolosos, en calquera grao de participación, establecida por sentenza firme, como consecuencia do exercicio da profesión, así como os actos e omisións que constitúan ofensa moi grave á dignidade da profesión, ás regras éticas e deontolóxicas que a gobernan e aos dereitos e deberes dos colexiados establecidos neste estatuto.

3. O atentado contra a dignidade, a honra e a propia imaxe das persoas que constitúen os órganos de goberno colexiais cando actúen no exercicio das súas funcións; e contra os compañeiros con ocasión do exercicio profesional.

4. A embriaguez ou consumo de drogas cando afecten gravemente ao exercicio da profesión.

5. A realización de actividades, constitución de asociacións ou pertenza a estas, cando teñan como fins ou realicen funcións que sexan propias e exclusivas do colexio.

6. A reiteración en falta grave.

7. A intrusión profesional e o seu encubrimento.

8. A comisión de infraccións que polo seu número ou gravidade resulten moralmente incompatibles co exercicio da profesión do licenciado en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte.

9. O incumprimento das normas deontolóxicas da profesión dos licenciados en ciencias da actividade física e do deporte.

Artigo 70º.-Faltas graves.

Son faltas graves:

1. Incumprimento dos deberes estatutarios ou dos acordos adoptados polos órganos colexiais no ámbito da súa competencia, que lles ocasione danos ou prexuízos á corporación, aos demais compañeiros ou a terceiros.

2. O exercicio profesional no ámbito doutro colexio sen a oportuna comunicación para os efectos de ordenación e control cando estivese establecido nos estatutos do dito colexio.

3. A falta de respecto aos compoñentes da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando exista intencionalidade de causarlles dano ou reiteración.

4. Os actos de desconsideración manifesta cara aos compañeiros no exercicio da actividade profesional, cando exista intencionalidade de causarlles dano ou reiteración.

5. A competencia desleal e a infracción do disposto no artigo 20.

6. Os actos e omisións descritos no número 2) do artigo anterior, cando a entidade destes non sexa moi grave.

7. O exercicio profesional en situación de embriaguez, ou baixo o influxo de drogas tóxicas, cando non afecte gravemente o exercicio profesional.

8. A reiteración en falta leve.

Artigo 71º.-Faltas leves.

Son faltas leves:

1. A falta de respecto aos membros dos órganos de goberno colexiais no exercicio das súas funcións cando non constituía falta grave.

2. A neglixencia no cumprimento das normas estatutarias.

3. As infraccións menores dos deberes que a profesión impón.

Artigo 72º.-Sanción.

As sancións que poden imponerse son:

Por faltas moi graves.

a) Para as do número 1 do artigo 69, expulsión do colexio; o colexiado poderá solicitar novamente a alta

unha vez cumprido un prazo de cinco anos desde a imposición da sanción.

b) Para as dos números 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do dito artigo, suspensión do exercicio da profesión por un prazo superior a tres meses sen superar os dous anos.

Por faltas graves. Suspensión do exercicio da profesión por un prazo non superior a tres meses.

Por faltas leves:

a) Amoestación privada.

b) Apercibimento por escrito.

CAPÍTULO II DO PROCEDIMENTO

Artigo 73º

En ningún caso se poderá impoñer unha sanción sen que se tramitase o correspondente expediente disciplinario, de acordo co procedemento que se regula neste capítulo.

Artigo 74º

O procedemento sancionador respectará en todo momento a presunción de inocencia do expedientado.

Artigo 75º

A potestade sancionadora respecto dos colexiados correspóndelle á Xunta de Goberno do colexio.

Artigo 76º

A instrución do procedemento así como a proposta de resolución do expediente correspóndelle ao presidente do colexio, que poderá delegar esa facultade nun órgano que poida crearse para tal fin ou en calquera dos membros da Xunta de Goberno.

Artigo 77º

O procedemento comezará de oficio por acordo da Xunta de Goberno, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de petición razoada doutros órganos colexiais ben por denuncia.

Artigo 78º

Mediante acordo motivado poderanse adoptar medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer.

Artigo 79º

Iniciado o procedemento, notificaránselle ao interesado os feitos que se lle imputan, as infraccións que tales feitos poidan constituír e as sancións que, se é o caso, se lle puidesen impoñer, así como a identidade do instructor, do órgano competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.

Artigo 80º

No prazo de quince días contados a partir da notificación, o interesado poderá presentar alegacións e achegar os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Artigo 81º

Cando o interesado o solicite ou o instructor o considere necesario, acordarase a apertura dun período de proba, por un prazo non superior a trinta días nin infe-

rior a dez, co fin de que poidan practicarse cantas se xulguen pertinentes.

Artigo 82º

1. Os feitos relevantes para a decisión do procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en dereito.

2. O instructor soamente poderá rexeitar as probas propostas polo interesado, cando sexan manifestamente improcedentes ou innecesarias, mediante resolución motivada.

Artigo 83º

O instructor comunicarlle ao interesado, con antelación abonda, o lugar, a data e a hora en que se practicarán as probas, co fin de que poida asistir debidamente asesorado por técnicos da súa elección.

Artigo 84º

O instructor poderá solicitar cantos informes xulgue necesarios para a resolución do procedemento.

Artigo 85º

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de que o instructor redacte a proposta de resolución, poralle de manifesto todo o realizado ao interesado para que, en trámite de audiencia, que non poderá ser inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Artigo 86º

A proposta de resolución, con todo o actuado, elevarase á Xunta de Goberno que é o órgano colexial que ten conferida a potestade sancionadora.

Artigo 87º

1. A resolución que lle poña fin ao procedemento deberá ser motivada e resolverá todas as cuestións presentadas no expediente sen que se poidan aceptar nela feitos distintos dos determinados no curso do procedemento.

2. O prazo máximo en que se debe ditar e notificar a resolución será de seis meses, contados desde a data do acordo da Xunta de Goberno de iniciación do procedemento.

3. O vencemento do prazo máximo establecido no punto anterior sen que se ditase e se notificase a resolución expresa, dará lugar á caducidade do procedemento e ao arquivo das actuacións, salvo que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, neste caso interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Artigo 88º

A imposición de sancións disciplinarias soamente poderá ser adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno, por medio de votación secreta e co consenso das dúas terceiras partes dos membros que a compoñen.

Artigo 89º

Á sesión en que se deban tomar acordos sobre a imposición de sancións disciplinarias están obrigados a asistir todos os compoñentes da Xunta de Goberno. Quen sen causa xustificada non concorre, deixará

de pertencer a esta, sen que poida ser de novo designado na elección mediante a que se cubra a vacante.

Artigo 90º

A Xunta de Goberno remitiralle ao Consello Xeral testemuño dos acordos sancionadores adoptados nos expedientes sobre responsabilidade disciplinaria dos colexiados.

Artigo 91º

As resolucións sancionadoras da Xunta de Goberno serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello Xeral, conforme o previsto nestes estatutos.

Artigo 92º

1. A prescrición das faltas producirase aos seis meses para as leves, aos dous anos para as graves e aos tres anos para as moi graves; e computarase o prazo desde o momento en que a falta se cometese.

2. A prescrición interromperase polo inicio do procedemento, que deberá comunicarse ao interesado e volverá correr o prazo se o expediente disciplinario permanecese paralizado por máis dun mes por causa non imputable ao expedientado.

Artigo 93º

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, e computarase o prazo desde o día seguinte a aquel en que adquiera firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 94º

1. As sancións disciplinarias que se lles imponían aos colexiados anotaranse no seu expediente.

2. A cancelación destas anotacións, unha vez transcorrido o prazo de prescrición das correspondentes sancións, producirase de oficio ou por instancia do interesado ante o órgano colexial que acordou a sanción.

3. As cancelacións que se produzan serán remitidas, mediante testemuño, ao Consello Xeral.

4. A cancelación non impedirá a apreciación de reincidencia se o expedientado volve incorrer en falta.

TÍTULO VIII

DO RÉXIME XURÍDICO DOS ACORDOS E DA SÚA IMPUGNACIÓN

Artigo 95º

Os acordos da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno do colexio e do seu presidente serán inmediatamente executivos.

Artigo 96º

1. No colexio levaranse, obrigatoriamente, dous libros de actas, onde se transcribirán, separadamente, as correspondentes á asemblea xeneral e á Xunta de Goberno.

2. Estas actas deberanas asinar o presidente e o secretario ou os que os substituísen no desempeño das súas funcións.

Artigo 97º

Os acordos publicaranse no taboleiro de anuncios do colexio dentro dos trinta días naturais seguintes á data da súa adopción, e deberánselles notificar aos interesados.

Artigo 98º

1. Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral, pola Xunta de Goberno do colexio e polo seu presidente serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello Xeral, dentro do prazo dun mes desde a súa publicación no taboleiro de anuncios correspondente ou, se é o caso, notificación aos colexiados ou persoas que afecten.

2. O recurso poderase interpoñer ante o órgano colexial que ditou o acto que se impugna ou ante o propio Consello Xeral.

Se se interpuxese ante o órgano colexial que ditou o acto impugnado, este deberá remitir-lo ao Consello Xeral, no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

3. A interposición de calquera recurso, agás nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

Non obstante o disposto no punto anterior, o órgano colexial a que lle competa resolver o recurso, logo de ponderación suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que se lle causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender de oficio ou por solicitude do recorrente a execución do acto recorrido, cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

b) Que o recurso se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 100.1º deste estatuto.

4. O prazo máximo para resolver e notificar o recurso será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución poderase entender desestimado o recurso.

Artigo 99º

1. Os acordos da Asemblea Xeral poderán ser recorridos pola Xunta de Goberno ou por calquera colexiado con interese lexítimo, na forma e nos prazos previstos nestes estatutos.

2. A Xunta de Goberno ou, no seu defecto, calquera dos seus membros, deberá, en todo caso, formular recurso contra os actos nulos de pleno dereito.

Artigo 100º

Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais que incorran nalgún dos supostos que establece o artigo 62 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Son anulables os actos dos órganos colexiais que incorran nos supostos establecidos no artigo 63 da citada Lei.

Artigo 101º

A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común aplicarase nos actos dos órganos colexiais que supoñan o exercicio de potestades administrativas.

TÍTULO IX

DISOLUCIÓN DO COLEXIO E RÉXIME DE LIQUIDACIÓN

Artigo 102º

1. A disolución do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e o Deporte de Galicia terá lugar cando así o impoña expresamente unha lei ou mediante acordo adoptado en asemblea xeral extraordinaria, expresamente convocada para tal efecto, á que deberá concorrer un número mínimo do 10% dos colexiados censados. Os acordos deberán ser aprobados por unha maioría de dous terzos dos votos emitidos.

2. A certificación do acordo de disolución deberase remitir á consellería competente en materia de colexios profesionais.

Artigo 103º

1. Tras a disolución do colexio por algunha das causas legalmente previstas, abrírase o período de liquidación. A Xunta de Goberno actuará como comisión liquidadora e levará a cabo as operacións de liquidación do activo colexial, de conformidade coas bases e cos prazos que fixe a Asemblea Xeral convocada para tal efecto.

2. O patrimonio social será destinado en primeiro lugar a cubrir o pasivo existente, destinando o activo restante a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que teñan como fins a promoción do deporte en Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os instrutores, mestres instrutores e profesores de educación física que á aprobación destes estatutos se atopen colexiados, poderán permanecer como tales conservando os seus dereitos conforme o previsto neles.

Segunda.-O establecido nos anteriores preceptos enténdese sen prexuízo do que estableza a Constitución, as leis do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de colexios profesionais.

Orde do 21 de febreiro de 2008 de modificación da do 6 de agosto de 2003, pola que se ditan normas sobre o recoñecemento do complemento salarial de antigüidade ao persoal laboral temporal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

Por orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 6 de agosto de 2003, ditáronse normas sobre o complemento salarial de antigüidade ao persoal laboral temporal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

No seu artigo primeiro dispón que se recoñecerán ao persoal laboral con contrato de duración determinada os trienios que lles correspondan polos servizos efectivamente prestados na Administración da Xunta de Galicia, exclusivamente, como tal persoal incluído no ámbito do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Co fin de mellorar o procedemento que regula a dita orde, cómpre modificalo para permitir a introdución dos datos dos interesados de forma informática en colaboración coas distintas consellerías, o que vai a permitir unha maior axilización na tramitación correspondente.

Por isto, esta consellería, en virtude das competencias atribuídas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e o IV convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia e demais normativa de aplicación e co informe favorable do Comité Intercentros do 1 de febreiro de 2008,

DISPÓN:

Artigo 1º

Modifícase o punto terceiro da Orde do 6 de agosto de 2003, que queda redactado como segue:

1. Os servizos efectivamente prestados na Administración da Xunta de Galicia, exclusivamente como persoal laboral temporal incluído no ámbito do IV convenio, e que completen un período de tres anos, deberán ser acreditados expresamente polo interesado/a ante a unidade administrativa de persoal onde estea destinado actualmente para proceder á súa validación. Esta consellería/organismo expedirá o correspondente certificado conforme o modelo anexo, que deberá remitir á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para proceder ao seu recoñecemento.

2. A Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza recoñecerá o/s trienio/s que proceda de conformidade cos servizos prestados pola persoa, que se acumularán por orde cronolóxica. Ningún período de tempo poderá computarse máis dunha vez.

O/s períodos de tempo non computados para o recoñecemento dun trienio teranse en conta pola Dirección Xeral da Función Pública para a súa acumulación ao/s seguinte/s período/s en que preste servizos a persoa, de ser o caso.

Artigo 2º

Modifícase o punto cuarto da Orde do 6 de agosto de 2003, que queda redactado como segue:

1. Para o recoñecemento dos trienios, os servizos prestados a tempo parcial computaranse como se o fosen a tempo completo, e a remuneración será proporcional á establecida para os/as traballadores/as a xornada completa. Na credencial de recoñecemento do trienio, figurará a porcentaxe da contía do trienio ordinario, en atención á xornada laboral que corresponda á persoa na data en que o perfeccione, con independencia de que durante o resto do período a xornada laboral fose distinta. Os trienios perfeccionados a tempo parcial percibiranse sempre nesa contía.

2. Os servizos prestados nun posto clasificado como discontinuo na relación de postos de traballo computaranse como se se prestasen todo o ano (12 meses), e a remuneración será proporcional ao tempo traballado.

Na credencial de recoñecemento do trienio figurará a porcentaxe da contía do trienio ordinario no caso de que o trienio se perfeccionase ocupando un posto dos